



## DECRETO DE ALCALDÍA

### ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E REXENERACIÓN DE ACCESOS EN TRIABÁ E LUDRIO” (REMANENTES PUCC 2021) (Expte 146/2022).

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto o Informe do Órgano de Contratación, da necesidade da contratación, de data 17 de marzo de 2022, asinado pola alcaldía.

Vistos os Presupostos presentados no concello, polas seguintes empresas:

- Carferlo S.L.U., que tivo entrada no concello o día dous de marzo de 2022, co nº RE-101, por importe de 35.775,05€, máis 21% de IVE, por 7.512,76€, facendo un total de 43.287,81€.
- Ogasaviales de Lugo S.L., que tivo entrada no concello o día dous de marzo de 2022, co nº RE-102, por importe de 35.743,80€, máis 21% de IVE, por 7.506,20€, facendo un total de 43.250€.
- T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L., que tivo entrada no concello o día dous de febreiro de 2022, co nº RE-104, por importe de 35.702,48€, máis 21% de IVE, por 7.497,52€, facendo un total de 43.200€.

Visto o Informe de existencia de crédito asinado dixitalmente en data nove de marzo de 2022 por Alcaldía e Intervención, no que consta na partida orzamentaria 453.619 crédito por importe de 43.287,81€, do orzamento de 2022 que é o prorrogado do 2021.

Esta obra finánciase con cargo a remanentes do PUCC 2021, en base ó Acordo de Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Lugo, de data 18 de febreiro de 2022, que tivo entrada no concello o 23 de febreiro de 2022 co nº 527, relativo á *proposta de aprobación, se procede, en relación con remanentes do plan único de 2021, en relación co escrito do concello de Castro de Rei, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 49 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021*, por importe por importe total de 43.287,81€.

Constan no expediente:

-Resolución de Dirección Xeral de Patrimonio cultural, que tivo entrada no concello 18/02/22, co nº 420, autorizando as obras ao abeiro do proxecto citado anteriormente.

-Resolución de Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, que tivo entrada no concello o 03/03/22, co nº 615, autorizando as obras do proxecto coas condicións sinaladas naquela.

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.



En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019.

## **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

**Segundo.-** Aprobar a contratación da obra Pavimentación e Rexeneración de accesos en Triabá e Ludrio e aprobar o gasto con cargo á partida 453.619 do vixente orzamento municipal.

**Terceiro.-** Adxudicar á empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L con CIF B-27186774 por importe estimado de 35.702,48€, máis 21% de IVE, por 7.497,52€, facendo un total de 43.200€, dacordo co presuposto presentado no concello e nos termos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require o obxecto do contrato.

A obra realizarase durante o prazo sinalado no proxecto (un mes), debendo estar terminada antes do prazo sinalado polo organismo provincial (antes do 31 de outubro de 2022).

**Cuarto.-** Notificarlle esta resolución á citada empresa.

**Quinto.-** Nomear como director da obra a D. Alberto Flores Aguiar.

**Sexto.-** Habilitar á Alcaldía deste Concello para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenvolvemento e execución deste acordo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

